

O estado-títere.

Gústame ir a Santiago, porque, ao meu parecer, se fala máis galego que en Vigo. O que máis me gusta é perderme polas vilas de Galicia, polas aldeas, e gústame non entender as diferentes falas. Reconfórtame escoitar falar galego non normativo. A lingua é algo vivo, as falas son específicas e constitúen un importantísimo tecido identitario que os políticos, moitos deles nados nestas aldeas, pretenden cuestionar. Pero non creo que sexa só a raíz do auto-odio, nin a histórica ocultación das orixes ou o complexo de clase que se manifesta na expresión falada. Aínda que pode que sexa parte do problema, sería simplista pensar, hoxe, tan só nestes factores. As recentes políticas lingüísticas son síntoma dun problema máis amplo. Non é difícil decatarse do papel dos estados neste complicado momento histórico no que estamos. Pero é necesario lembrar e incidir na idea de estado-títere; así nolo explican algúns dos teóricos contemporáneos, como Henry Giroux, que desde a análise da política cuestionan o papel dos gobernos: a súa capacidade de manobra é cada día máis restrinxida. Se é que historicamente falabamos de estados totalitarios, fascismos, réximes baseados na figura do cacique, o nacional-catolicismo, etc, hoxe a alienante estética globalizadora pretende que as linguas sexan tamén cuantificables. Como na escena social, o número de falantes dunha lingua equipárase coa cantidade de euros que o individuo posúe. Tanto tes, tanto vales. Á ideoloxía única, ao estado único e totalitario, non lle interesa o galego. Non é rendible. “Que é o que falas?” A grande diferenza cos réximes autárquicos clásicos é que, no novo autoritarismo, non se precisa de líderes políticos per se. O novo conservadurismo está baseado na liberdade de mercado, na cultura do consumismo. Non necesitamos líderes carismáticos, nin ideoloxía política, porque os políticos profesionais, que xa saben da imparable e paradoxal despolitización do pobo, tamén saben da superioridade dos grupos de presión: os amigos da oligarquía, que son os chamados lobbies económicos que manteñen o gran capital, e que apoian, por tanto, aos seus partidos, a algúns máis que a outros. A complicidade dos gobernos é manifesta, e as linguas minoritarias son vítimas dos estados-títere. Pero a moitas e moitos de nós, non nos poden quitar o último que nos queda: o noso orgullo do galego. Nese orgullo colectivo reside o noso poder de loitar contra esas forzas maiores, para por fin acadar eses dereitos humanos lingüísticos que todo pobo merece gozar, e que durante tanto tempo nos foron denegados.

Berta Álvarez Cáccamo Abril 2010

Berta Álvarez Cáccamo

Pintora

DO GALEGO